

## A MANUEL ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ

"Unha vez máis segues pautándonos o tempo na túa obra"

### UNHA ILUSION CUMPRIDA

Tiveches Manuel Orestes, unha ILUSION, esta non era outra ca de TRABALLAR EN EXCLUSIVA POLA CULTURA GALEGA. Daquela non te decatabas de que xa o estabas a facer, pois as túas sementeiras empezaban xa a xermolar, era unha punxente realidade.

O que estou seguro non podías imaxinar era ca túa ILUSION tivera continuidade ó traveso dos tempos, convertíndose así nun membro máis da "SANTA COMPAÑA DE GALEGOS INMORTAIS: Santos, guerreiros, estadistas, homes da ciencia e das letras" (A.R.Castelao).

**FUCHES** escritor de doada pluma, de louvable estilo e fina sensibilidade, que cultivaches con intelixencia os xéneros literarios , devoto das nosas cousas e das nosas xentes, labrando así un sentimento de home vencellado ás esencias da súa terra e que soupeches transmitir na túa depurada obra.

Cumpriches, pois, o teu anhelo e **SEGUES** agora a traballar, desde unha posición privilexiada, pola Cultura Galega e xamais rematará-la túa edificante laboura, creando unha gran obra acompañando tempos, feitos, tonos, ritmos... todo iso dun xeito sobrenatural, non deixando lugar á apatía.

Por todo isto, e por tódalas loubanzas que como persoeiro sobresaínte dos nosos valores literarios che serían propias, xamais ficarás nas trebas do esquecemento. Un dos actos que o confirma foi a homenaxe que che rendiu o Centro Galego de Barcelona (outono 98) ó que acudimos con especial agrado, pois somos coñecedores do teu amor por tal institución. Alí coñecemos os teus desvelos, o teu traballo, as túas horas sacadas ó lecer e adicadas ó mesmo, os teus devezos por unir ós galegos da Cataluña e a loita constante para unir ós galegos de alí cos da "Matria" Galicia, o que me fai estimar que fuches o INTERNET da década dos setenta-oitenta, bastando pra comprobalo con votar unha ollada ós teus dous libros galegos en Cataluña. Foi un acto entrañable, alí estaba a túa familia,

amigos, coñecidos, homes de letras: Blanco Castro, Alfredo González, o profesor Basilio Losada, que disertou moi acertadamente sobre a túa persoa e obra.

Vai facer unha década que nos deixaches físicamente, fixéchelo sinxelamente, coma tódalas túas cousas. Nós presumimos de que tiveras o teu berce nesta Terra e que, dende a emigración, desenvolveras unha ampla laboura de espaxamento da nosa Cultura. Proba do que digo ven a ser esta publicación que estamos seguros segue a cumprir os teus desexos.

A este IV Certame concorriron máis de medio cento de autores, o que agradecemos ferventemente, ademais de felicitar ós dous gañadores: D. Roberto X. Traba Belay e Dña. Beatriz Piñeiro Calvo.

A todos desexámoslles unha continuidade e que os que coñezan esa publicación lles sexa de proveito. De seguro co noso Poeta de Paradela estará vixilante para auxiliar, desde as ondas do ar, ós que coma el teñan una ILUSION.

Paradela, novembro 1999

Asdo.: X.Manuel Mato Díaz